

# PLADESAPU MONFORTE

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

Asociación núm. 2010-14683-1

Manifesto concentración 6 de febreiro

Boas tardes a todas e todos. En primeiro lugar queremos darvos as grazas por estar hoxe aquí acompañándonos para facervos oír ante unha situación que non fai máis que empeorar. A Sanidade Pública está en perigo.

Esta Plataforma nace no ano 2010 da preocupación de toda a cidadanía das comarcas da Zona Sur polo desmantelamento da Sanidade Pública.

No ano 2010 prometéronnos que todo iría ben, o mesmo presidente de Galicia por aqueles tempos prometeu que a Área de Monforte non desaparecería, non perdería a súa autonomía para xestionarse a si mesma... todo mentiras.

O pesadelo cumpriuse e deixamos de ser Área para convertirmos nun Distrito, un Distrito Sanitario dependente de Lugo como Área Única de Xestión Integrada, que varre moito máis para casa que para fóra como cabía esperar. Prometéronnos que isto só traería beneficios, incluso que teríamos acceso cercano a máis especialidades e que os servizos lonxe de mermar, irían a mellor. Máis mentiras.

A realidade é que a Atención Primaria e a Especializada non fan MÁIS que ir a MENOS.

Estamos perdendo profesionais, estamos perdendo os grandes dereitos que nos corresponden de igualdade e universalidade, de recibir unha Atención Sanitaria de CALIDADE.

Porque non nos enganemos, non é o mesmo vivir no Courel, que vivir en Monforte que vivir en Lugo cidade.

A realidade que estamos a vivir é moi distinta á prometida. A atención que están a recibir os nosos maiores é insuficiente pola falta de persoal na Atención Primaria. A sobrecarga asistencial é desmesurada... canto tempo se pode aguantar a este ritmo? A prevención e a promoción da Saúde están quedando relegadas a un segundo plano para poder facer fronte a todos os problemas de Saúde que se volven urxentes.

O número de pediatras tamén é insuficiente, retrasándose os controis de Saúde dos nosos nenos durante meses polo mesmo motivo.

Estamos sen Rehabilitación para as patoloxías que máis o necesitan, que sen ela non poden mellorar a súa calidade de vida e que se están vendo obrigados a recurrir a Sanidade

Privada para paliar esta carencia tan grave. Na maior parte dos casos isto marca a diferenza entre o éxito e o fracaso das intervencións cirúrxicas, entre a calidade de vida e a falta desta noutras enfermidades coma os ictus ou as enfermidades reumatolóxicas por poñer algún exemplo.

Outras moitas especialidades perigan pola falta de incorporación dos profesionais ás súas prazas, que quedan descubertas durante anos como foi o caso de Dixestivo. Cando un profesional non se pode incorporar, deberíase buscar algunha solución viable e real, outro profesional que o substitúa para prestar un servizo ao que temos dereito.

As listas de espera cada vez son máis longas, véndonos de novo na necesidade en moitos casos de recurrir á sanidade privada para acurtar os tempos.

Isto supón que se unha persoa non se pode permitir pagar a sanidade privada en moitos casos está perdida. Isto marca un curto camiño á Privatización, que por máis que o neguen dende os altos cargos, está a pasar. Cada vez estamos máis preto de parecermos a Madrid onde toda a xente que pode está a contratar seguros privados para poder ser atendidos en tempos razoables.

Din que non hai profesionais e pode ser certo, pero iso ten unha solución sinxela: facer que vir a esta zona sexa máis atractivo. Porque cambiar de cidade para un contrato dun mes non é factible, pero con toda probabilidade, se se ofertasen contratos estables e de longa duración outro galo cantaría. O motivo polo que moitos profesionais marchan ao estranxeiro é a estabilidade laboral, vanse de aquí en moitos casos cun contrato indefinido a outros lugares onde hai menos carga laboral por non existir unha falta de persoal tan notable, por uns ratios máis aceptables.

Prevese que unha grande cantidade de personal sanitario se xubilará nos próximos anos e non haberá suficientes profesionais para substituílos por unha falta de previsión que se arrastra dende hai anos xunto aos recortes dende a crise e a taxa de reposición que sigue impedindo a total cobertura de postos vacantes. Se o problema xa é grave nas grandes cidades, faise aínda máis pronunciado nas zonas rurais.

A realidade da Zona Sur non é outra que a desigualdade, pensan que somos cidadás e cidadáns de segunda, que nos temos que conformar. Pero hoxe estamos aquí para dicir BASTA! Basta de desmantelar os nosos centros de Saúde e o noso Hospital.

Pedimos:

A recuperación da Autonomía de xestión que tiñamos cando Monforte era Área Sanitaria, con xerente propio, autonomía plena sen depender da Xerencia Integrada de Lugo e con enlace directo coa consellería de Sanidade.

A desaparición da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo e recuperar así as Xerencias de Atención Primaria provincial e a Xerencia de Atención Especializada

A cobertura total dos postos vacantes das plantillas, tanto de atención primaria como especializada.

Que se cubran o 100% das baixas e permisos.

En definitiva, que se nos respeten os nosos dereitos a unha sanidade Pública, Universal e de Calidade.

A Sanidade Pública está a vivir a crónica dunha morte anunciada. Nas concentracións de 2010, 2013 e 2017 milleiros de persoas saíron ás rúas monfortinas para reivindicarse e defender a súa Sanidade Pública e hoxe estamos nesta gran concentración para dicir que aquí seguimos, que non imos rendirnos á privatización sen máis, que non imos quedar agardando a que se siga desmantelando a nosa sanidade, para mostrarnos fortes e unidos por un único obxectivo, defender a sanidade Pública, universal e de calidade.

A Concentración de hoxe é a clara manifestación do descontento de toda a cidadanía deste Distrito coas carencias do noso sistema sanitario. Pero temos que seguir reivindicando o que é noso, e o próximo día 12 de febreiro, domingo, haberá unha gran manifestación en Santiago pola Sanidade Pública Galega, ás 12h. Sairán autobuses dende o aparcamento da Compañía de Monforte ás 9.30h, e parando en Escairón e Chantada, que quedan a disposición de todas e todos os que queirades acudir.

Estaremos alí para recordarlles que a Zona Sur xunto co resto de áreas de Galicia vai loitar polos seus dereitos, que non imos quedarnos paradas vendo como desmantelan a nosa sanidade. Volverémonos manifestar.

E dende a Plataforma seguiremos facendo cousas para que nos escoiten e mellorar esta situación: atenderemos a tódalas dúbidas que poidades ter sobre a situación actual e incluso axudarvos para que fagades as vosas reclamacións, xa que estamos a vosa disposición no noso local de reunións cada mércores; informaremos de cada paso e novidades a través das redes sociais e prensa con artigos e entrevistas; ademais de ter os brazos abertos a quen queira participar e unirse a nos de modo activo

A sanidade Pública non se vende, a Sanidade Pública deféndese!